

sabes quen son os culpables

Volven á carga. Á mínima oportunidade, recorte de dereitos á clase traballadora. Esta vez o argumento é a necesidade de crear emprego: MENTIRA. Hai que dicilo ben alto: xamais cunha reforma laboral regresiva creouse emprego; o único que se conseguiu é aumentar a precariedade, que no noso país atópase nuns límites asfixiantes.

É a vella receita da patronal, esta vez imposta tras unha descarada chantaxe aos sindicatos: abaratar e facilitar os despedimentos, destruír a negociación colectiva e dar máis competencias ás Empresas de Tráballo Temporal, que se unen ás reducións de salarios dos funcionarios, a subida do I.V.A e o recorte das pensións. E inténtannos comprar co canto de sirena de que non imos notar nada porque a indemnización do despedimento será case a mesma, só que o FOGASA pagará máis días. ¡Que cinismo! ¡Se o que queremos é traballar, non cobrar o mesmo por despedimento!

Ademais, o abaratamento do despedimento supón, para a mocidade traballadora, unha nova volta de porca ás nosas xa precarias relacións laborais (un 75% de temporalidade), que nos pon entre a espada e a parede, hipotecando o futuro de varias xeracións a quen non nos espera máis que un novo modelo de escravitude asalariada.

É momento de dicirles que por este camiño non se vai a ningunha parte, que os traballadores non imos tolerar máis atropelos. E só hai unha forma de facelo: loitar.

A Folga Xeral é un paso máis neste camiño que deberemos percorrer se non queremos volver ao século XIX. Xa o dicía Luther King: Ninguén se nos montará encima se non dobramos as costas. É hora de levantarse. TOD@S Á FOLGA.



**FOLGA
XERAL**

29 DE SETEMBRO

¡Páraos!

www.xcgalega.org

Xuventude comunista



sabes quen son os culpables

Volven á carga. Á mínima oportunidade, recorte de dereitos á clase traballadora. Esta vez o argumento é a necesidade de crear emprego: MENTIRA. Hai que dicilo ben alto: xamais cunha reforma laboral regresiva creouse emprego; o único que se conseguiu é aumentar a precariedade, que no noso país atópase nuns límites asfixiantes.

É a vella receita da patronal, esta vez imposta tras unha descarada chantaxe aos sindicatos: abaratar e facilitar os despedimentos, destruír a negociación colectiva e dar máis competencias ás Empresas de Tráballo Temporal, que se unen ás reducións de salarios dos funcionarios, a subida do I.V.A e o recorte das pensións. E inténtannos comprar co canto de sirena de que non imos notar nada porque a indemnización do despedimento será case a mesma, só que o FOGASA pagará máis días. ¡Que cinismo! ¡Se o que queremos é traballar, non cobrar o mesmo por despedimento!

Ademais, o abaratamento do despedimento supón, para a mocidade traballadora, unha nova volta de porca ás nosas xa precarias relacións laborais (un 75% de temporalidade), que nos pon entre a espada e a parede, hipotecando o futuro de varias xeracións a quen non nos espera máis que un novo modelo de escravitude asalariada.

É momento de dicirles que por este camiño non se vai a ningunha parte, que os traballadores non imos tolerar máis atropelos. E só hai unha forma de facelo: loitar.

A Folga Xeral é un paso máis neste camiño que deberemos percorrer se non queremos volver ao século XIX. Xa o dicía Luther King: Ninguén se nos montará encima se non dobramos as costas. É hora de levantarse. TOD@S Á FOLGA.



**FOLGA
XERAL**

29 DE SETEMBRO

¡Páraos!

www.xcgalega.org

Xuventude comunista

